



**CONSELLO DA
CULTURA GALEGA
OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA**

Web

consellodacultura.org

Twitter:

[@consellocultura](https://twitter.com/consellocultura)

Facebook:

facebook.com/consellocultura

Correo:

medios@consellodacultura.org

Telf:

+34 981 95 72 02

► 19/03/2014

As bibliotecas galegas

Segundo a definición que nos facilita a UNESCO enténdese como biblioteca (Norma ISO 2789) unha organización, ou parte dunha organización, que ten como principais obxectivos compilar e manter coleccións de materiais impresos e facilitar o uso desta información, investigación e educación e proporcionar espazos recreativos culturais para os seus usuarios. Eses son os requirimentos esenciais dunha biblioteca, aínda que no se exclúen os recursos e servizos complementarios dedicados ao seu propósito primario. Inclúese nesta definición calquera tipo de material gráfico ou audiovisual, así como as bibliotecas virtuais e os catálogos dixitais.

Neste estudo achégase información sobre equipamentos, infraestrutura, actividade e recursos. Estes indicadores permitan coñecer as principais características das bibliotecas e valorar a súa evolución. O ámbito de estudo constitúeno todas as bibliotecas galegas, calquera que sexa a súa dependencia administrativa, coa excepción das bibliotecas privadas que non faciliten o acceso ao público en xeral, e as escolares.

A información principal procede de dúas fontes estatísticas. A principal é a Estadística de Bibliotecas do Instituto Nacional de Estadística que se leva a cabo dende 1959. Esta estatística elabórase conforme ás recomendacións da UNESCO en materia de definicións e clasificacións que figuran na recomendación sobre normalización internacional das estatísticas de bibliotecas. Dende 1986 véñse desenvolvendo un proxecto con carácter bienal. A partir do ano 2002 introdúcese algúns cambios, tales como a utilización dunha nova definición de biblioteca baseada na norma citada arriba, establécese unha nova clasificación dos tipos de bibliotecas e se afonda na investigación da implantación das tecnoloxías da información e a comunicación. A outra fonte consultada é a Estadística de Bibliotecas da Xunta de Galicia. Esta estatística recolle os datos das bibliotecas públicas mediante a cobertura directa na ferramenta informática habilitada na páxina web do portal da Rede de Bibliotecas de Galicia. Ofrece unha cantidade importante de datos así como indicadores de usuarios, actividade, económicos e de fondos. O resto de fontes de información recolleuse de fontes do Ministerio de Cultura y Deportes, do Instituto Galego de Estatística e do Instituto Nacional de Estadística.

Resultados

Segundo o INE, Galicia perdeu 49 bibliotecas desde o ano 2002 mentres que no resto do Estado aumentaron. Dese número, 28 desapareceron entre 2008 e 2010 e entre 2010 e 2012 desapareceron outras 17. Aínda que a caída galega é moi



salientable, se observamos a evolución temporal global, tras unha leve subida en 2006, vai descendendo progresivamente ata a actualidade¹.

	Número total de bibliotecas					
	2002	2004	2006	2008	2010	2012
España	6.371	6.585	6.523	6.601	6.608	6.835
Galicia	554	553	591	550	522	505

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Estadística de Bibliotecas

O número total de usuarios inscritos en España é de máis de 20 millóns, cunha suba de case sete millóns nesta serie histórica. Ademais, pódese observar un aumento de inscricións xeralmente moderado en todas as comunidades autónomas. En Galicia, o crecemento foi progresivo ao longo de toda a serie temporal, sobrepasando xa o millón de usuarios en 2012. En liñas xerais prodúcese un crecemento en toda a serie histórica de máis de 340.000 persoas.

	Número de usuarios inscritos nas Bibliotecas					
	2002	2004	2006	2008	2010	2012
España	12.595.917	13.884.650	14.793.690	16.292.461	18.073.387	20.380.002
Galicia	685.622	750.891	820.117	872.116	926.047	1.029.856

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Estadística de Bibliotecas

En canto á idade dos usuarios inscritos nas bibliotecas, na táboa anterior obsérvase que a porcentaxe de usuarios infantís aumentou no último ano en case 2 puntos con respecto a 2010. En xeral pódese dicir que nestes dez últimos anos aumentou un 57,9% o número de usuarios adultos e un 15,9% os usuarios infantís.

Número de usuarios adultos e infantís inscritos nas bibliotecas en Galicia

	2002	2004	2006	2008	2010	2012
Adultos	559.865	605.321	695.137	746.175	807.976	884.093
Infantís	125.757	145.570	124.980	125.941	118.071	145.763
Total	685.622	750.891	820.117	872.116	926.047	1.029.856
% Adultos	81,7	80,6	84,8	85,6	87,2	85,8
% Infantil	18,3	19,4	15,2	14,4	12,8	14,2

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Estadística de Bibliotecas

No mesmo período os usuarios inscritos aumentaban en Galicia máis de 500.000 visitantes, superior ao resto do Estado español, que gaña no mesmo período uns 450.000 visitantes.

	Número de visitantes das bibliotecas					
	2002	2004	2006	2008	2010	2012
España	152.357.383	186.172.942	194.697.381	204.356.989	215.979.141	216.434.577
Galicia	9.752.170	11.366.842	13.224.259	11.890.775	10.129.409	10.709.770

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Estadística de Bibliotecas

¹ A Asociación de Arqueiros, Bibliotecarios, e Documentalistas de Galicia (ANABAD Galicia) publicou unha nota en xaneiro de 2014 na que discutían a validez dos datos do INE por criterios metodolóxicos, entendendo que algúns depósitos de libros non ofrecía servizos de bibliotecas pese a contabilizarse como tales. Segundo esta interpretación o descenso viría explicado porque este tipo de equipamentos deixarían de incluírse na estatística. Segundo esta asociación, so terían desaparecido unha biblioteca propiamente dita nos últimos anos.



Cando falamos do préstamo ao usuario, prodúcese un aumento entre 2010 e 2012. A partir de 2008, o INE introduce unha nova división con datos de documentos electrónicos específicos: libros, xogos e outros, cun total de préstamos de máis de 23.000 documentos electrónicos en Galicia e máis de 8 millóns en España en 2012. Os documentos electrónicos que máis aumentaron o préstamo, tanto en España coma en Galicia, foron os libros electrónicos.

Préstamos efectuados a usuarios por clase de documento

	2006		2008		2010		2012	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Total	68.235.503	2.963.480	74.470.706	3.085.150	82.149.823	3.317.496	83.126.756	3.718.360
Libros	43.817.575	2.195.128	47.777.810	2.501.382	53.648.420	2.660.405	54.849.761	3.718.360
Publicacións periódicas	1.748.046	22.452	1.880.777	25.794	1.950.078	25.499	1.669.643	28.046
Documentos sonoros	5.841.348	104.855	4.746.067	90.978	3.910.325	81.681	3.072.062	81.051
Documentos audiovisuais	13.285.108	258.721	17.501.901	448.425	16.676.613	534.850	15.433.387	595.398
Documentos electrónicos	1.839.865	110.256	1.731.871	16.873	-	-	-	-
Libros electrónicos	-	-	-	-	27.619	325	568.943	1.155
Xogos electrónicos	-	-	-	-	223.003	1.584	238.424	7.103
Outros documentos electrónicos	-	-	-	-	2.167.348	11.492	3.708.106	14.833
Outros documentos	1.703.561	272.068	832.280	1.698	3.296.417	1.660	3.586.430	35.041

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Estadística de Bibliotecas

Galicia é a sétima comunidade que máis préstamos orixinais recibe das bibliotecas estranxeiras, pero pasa ao noveno posto cando se trata de efectuar ditos préstamos. Así, a caída é moi acentuada no bienio 2008-2010, un 26,8 % menos, pero volve a aumentar algo en 2012. Os datos son totalmente discordantes cos do resto do Estado, no sentido de que se mantén o aumento do crédito en todo o período para subir de xeito notable en 2010, cun aumento porcentual do 36,5%, aínda que descende de novo en 2012.

Préstamos interbibliotecarios de orixinais efectuados e recibidos

		Efectuados a	Efectuados a	Recibidos de	Recibidos de
		bibliotecas españolas	bibliotecas estranxeiras	bibliotecas españolas	bibliotecas estranxeiras
2002	España	188.232	2.040	183.205	8.872
	Galicia	6.529	78	2.899	294
2004	España	247.148	2.205	220.203	6.624
	Galicia	5.025	98	2.220	205
2006	España	314.977	3.377	273.364	6.856
	Galicia	6.702	97	3.684	381
2008	España	406.589	3.804	341.479	9.467
	Galicia	6.702	97	3.684	381
2010	España	383.785	5.993	511.400	9.328
	Galicia	15.783	71	16.600	786
2012	España	620.744	5.100	574.192	12.053
	Galicia	18.046	79	14.526	279

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Estadística de Bibliotecas.



Cando analizamos o préstamo entre as bibliotecas españolas, vemos que Galicia realiza máis préstamos en 2012 que en 2010, pero recibe menos préstamos de bibliotecas españolas. No resto do Estado, as bibliotecas manteñen un alza constante nos créditos ata 2008, para prestar moito menos que en 2010, xusto o contrario do que sucedía coas estranxeiras, aínda que en 2012 vólvense a recuperar as cifras de préstamos, chegando case ao dobre do ano 2010.

Por outra banda, o INE ofrece datos da procedencia do financiamento das bibliotecas. En xeral, nos últimos anos hai unha redución das axudas económicas, coa excepción dos concellos e as entidades locais que son os únicos que aumentan as súas contribucións, unha tendencia moi similar á media estatal; un 53% das bibliotecas galegas e un 51,5 % das estatais se nutren deste tipo de financiamento. O sector privado mantense sen variacións nos últimos catro anos. No resto dos perfís, como se mostra na táboa que vai a continuación, a baixada foi xeneralizada no último ano 2012.

Perfil do financiamento (porcentaxe) das bibliotecas (unidades administrativas)

	2006		2008		2010		2012	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Administración Xeral do Estado	8,8	4,6	9,8	5	10,5	5,4	9,5	5,1
Administración autonómica	20,2	20,2	20,9	21,6	20,8	21,4	18,9	18,9
Deputacións provinciais, Cabildos, etc.	7,6	3,3	7,4	3,5	6,9	3,2	6,1	2,8
Concellos e entidades locais	48,7	52,4	47,5	48,4	47,8	49,8	51,5	53,0
Privada	14,7	19,4	14,4	21,5	14,0	20,2	14,0	20,2

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Estadística de Bibliotecas

No tocante a natureza económica dos gastos das bibliotecas, destacar que seguen a aumentar os gastos de persoal cun ascenso de máis de 1.200.000€ en Galicia e máis de 16 millóns no total España. No polo oposto os gastos destinados aos investimentos profundan en 2012 a forte baixada xa experimentada en 2010; se en 2008 os investimentos en bibliotecas superaban os 5,5 millóns de euros, en 2012 non chegan a 1,3 millóns de euros. As diferenzas entre a comunidade galega e a media estatal xorden nos gastos correntes e nos gastos por adquisicións, mentres en Galicia gastase máis en ambos os dous casos, no resto do Estado redúcense, como se expón na seguinte táboa.

Gastos correntes e de investimento (euros) en bibliotecas

	2006		2008		2010		2012	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Gastos de persoal	508.763.052	28.191.213	580.961.957	30.127.854	645.951.374	33.593.693	662.039.768	34.851.328
Gastos en adquisicións	213.267.769	13.466.841	238.289.618	13.165.256	211.746.729	11.060.714	206.562.871	13.023.470
Outros gastos correntes	104.072.503	6.478.579	125.453.632	4.919.267	127.024.063	4.697.094	121.482.065	5.056.018
Gastos de investimento	101.867.258	4.008.326	124.402.683	5.556.859	122.449.678	2.423.248	64.033.909	1.288.374


Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Estadística de Bibliotecas

Nota: As cifras refírense ás bibliotecas que informaron sobre cada tipo de gasto



Os datos das bibliotecas públicas de Galicia recóllense nunha estatística específica anual. Os puntos de servizo que ofrece a rede de bibliotecas públicas de Galicia é de 3.007 en 2012 e marcan unha liña descendente dende 2008. En contraste, tanto a superficie total que ocupan as bibliotecas como a superficie destinada a uso bibliotecario aumenta dende 2006.


Superficie total e de uso bibliotecario



Fonte: Consellería de Educación e Cultura. Estatísticas da Rede de Bibliotecas de Galicia

Os fondos das bibliotecas públicas galegas sitúanse sobre os 5,1 millóns de volumes, contando con todos os tipos de documentos (libros, folletos, audiovisuais, documentos electrónicos e mesmo manuscritos). Isto supón 1,7 documentos por habitante. As adquisicións tenden a crecer ao longo dos anos, chegando ás 279.573 en 2012. Os custos da rede son sufragados na súa meirande parte polos concellos, seguidos da Xunta.

Fontes de financiamento da rede de bibliotecas de Galicia



Fonte: Consellería de Educación e Cultura. Estatísticas da Rede de Bibliotecas de Galicia

Outro dato positivo constitúe o número de visitantes e préstamos, en ascenso dende 2006.

Visitantes e préstamos das bibliotecas públicas galegas

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Número de visitantes	3.811.482	4.885.630	4.729.624	4.881.198	4.941.448	5.212.925	5.495.226
Préstamos totais	1.347.260	1.510.300	1.882.573	2.057.598	2.214.933	2.303.933	2.448.602

Fonte: Consellería de Educación e Cultura. Estatísticas da Rede de Bibliotecas de Galicia

No referente aos hábitos culturais, nos últimos anos hai unha tendencia a que os residentes en Galicia vaian máis ás bibliotecas ou a acceden a elas a través de internet. Un 8% dos galegos accederon ás bibliotecas dende internet entre 2010-2011, 4 puntos porcentuais máis que no bienio 2006-2007, coincidindo coa tendencia estatal.

Acceso ás bibliotecas a través de Internet en Galicia (porcentaxe)

	2006-2007	2010-2011
España	4,6	9,6
Galicia	3,8	8,0

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2010-2011

A participación é considerablemente superior no acceso tradicional, cun 16,3% de entradas (3 puntos porcentuais máis que no bienio anterior), moi lonxe, con todo, da media estatal situada nun 20,5%. Galicia convértese así na antepenúltima comunidade autónoma no uso do acceso ás bibliotecas, tal e como se mostra na seguinte táboa.

Asistencia ás bibliotecas en Galicia. Comparativa estatal (porcentaxe). 2010-2011

Total España	20,5
Cataluña	26,7
País Vasco	25,5
Rioxa (A)	24,8
Ceuta e Melilla	23,1
Canarias	22,8
Castilla e León	22,4
Navarra (Comunidade Foral de)	21,5
Madrid (Comunidade de)	20,8
Asturias (Principado de)	20,5
Murcia (Rexión de)	19,1
Aragón	18,6
Andalucía	18,5
Cantabria	18,4
Comunidade Valenciana	17,7
Balears (Illes)	16,4
Galicia	16,3
Castela-A Mancha	15,4
Estremadura	14,6

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2010-2011

DATOS &
INFORMES




CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA



No relativo ao emprego cultural, as afiliacións á Seguridade Social das actividades económicas relacionadas coas bibliotecas atópanse influenciadas por certa estacionalidade, tendendo a perderse traballadores no segundo semestre de cada ano. Neste momento, as contratacións tenden a crecer.

Afiliacións á Seguridade Social en actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais en Galicia



Fonte: Instituto Galego de Estatística. Afiliacións á Seguridade Social

No tocante á contratación, o grupo primario de bibliotecarios, documentalistas e afíns, os 64 contratados dos últimos 12 meses² asinaron 102 contratos. O perfil da profesión é feminino cunha idade de entre 26 e 35 anos que desenvolve a súa actividade na comarca da Coruña. No tocante ao paro rexistrado, hai 449 demandantes na ocupación de bibliotecario, maiormente mulleres de entre 36 e 45 anos da comarca de Santiago. O 47% son parados de longa duración. A tendencia é de decrecemento irregular.

No referido ás ensinanzas culturais, a titulación de 2º ciclo de Biblioteconomía e Documentación é única e común para arquivos e bibliotecas. Na seguinte táboa obsérvanse os datos de matriculados e titulados neste ciclo. A partir do curso 2009-2010 o alumnado comeza a nova titulación de Grao en Información e Documentación.

Alumnos matriculados e titulados en Documentación (2º ciclo) e en Biblioteconomía e Documentación en Galicia

		Licenciados en Documentación (2º ciclo)	Diplomados en Biblioteconomía e Documentación	Graduado en información e documentación
2007-	Matriculados	63	60	-
2008	Titulados	17	11	-
2008-	Matriculados	41	60	-
2009	Titulados	13	14	-
2009-	Matriculados	40	47	10
2010	Titulados	8	12	-
2010-	Matriculados	29	33	13
2011	Titulados	10	15	-

² Referencia de 28 de febrero de 2014

AS BIBLIOTECAS GALEGAS

2011-	Matriculados	32	12	20
2012	Titulados	10	3	-
2012-	Matriculados	18	8	27
2013	Titulados	-	-	-

Fontes: Instituto Nacional de Estadística. Estadística de la Enseñanza Universitaria

Cos datos xa publicados do curso 2012-2013, pódese apreciar na táboa anterior o aumento de matriculados no Grao. O número de titulados, tanto licenciados coma diplomados, no curso 2011-2012 descendeu con respecto ao curso anterior, debido a que estas titulacións se foron extinguindo a medida que se foi implantado a nova titulación de Grao en Información e Documentación, da que aínda non hai datos de titulados.



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA